

AVISO

Na data do 22-05-2025, o grupo UNIÓN FENOSA -NATURGY comunicou ó Concello da Pobra do Caramiñal o aviso de realización dos labores de XESTIÓN DA BIOMASA por debaixo das liñas de alta e media tensión situadas no concello que se mostran nos planos achegados.

Esta xestión responde ó cumprimento da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Nas liñas de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, sen prexuízo do necesario respecto das especificacións da regulamentación electrotécnica sobre distancia mínima entre os condutores, as árbores e outra vexetación, deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde a proxección dos condutores eléctricos máis externos, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa sectorial vixente. Ademais, nunha faixa de 5 metros desde a estrema da infraestrutura non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira (Artigo 20 bis da Lei 3/2007)

Así mesmo, a lexislación recolle a posibilidade **de que sexa a propia persoa titular do terreo quen realice a xestión da biomasa se está interesada desde a data de publicación no taboleiro de edictos. De non facelo, transcorridos 15 días hábiles desde esta publicación (26-05-2025 ata 13-06-2025 ambos inclusive), UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. procederá á súa realización**